



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, na presentación da conferencia do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, no "FÓRUM EUROPA. *Tribuna Galicia*"

Hostal dos Reis Católicos – Santiago, 24-11-2011//
09.00 h.-

Presidente da Xunta de Galicia,
Alcalde de Santiago de Compostela,
Presidente de *Nueva Economía Fórum*,
Conselleiros,
Deputados,
Autoridades,
Señoras e señores:

Debo recoñecer que, cando fai uns días, o presidente me dixo que quería facerme una proposta, empecei a pensar qué traballo me iba a encomendar, porque non imaxinaba que o que quería era que eu o presentara hoxe neste foro.



Vostedes me desculparán se me equivoco, pero creo, honestamente, que dar lectura ao perfil biográfico do actual presidente da Xunta carece de sentido. Todos vostedes saben onde naceu, a súa idade, aficións, e tamén saben da súa traxectoria profesional e política. Unha traxectoria, e niso creo que coincide todo o mundo, mesmo os seus adversarios políticos, caracterizada polo traballo duro e a atención permanente a canto acontece ao seu arredor.

Por iso vou tentar falar da persoa que está detrás do presidente, do Alberto Núñez que eu coñezo desde xa hai algún tempo, e co que levo vivido, - e tamen sufrido- moitos momentos, ao longo destes anos de vida política compartida. E comprenderán que non sexa a miña pretensión ser obxetiva.

Coñecín a Alberto Núñez Feijóo hai xa case dez anos, cando os dous entramos a formar parte do Goberno de Don Manuel Fraga, no mes de xaneiro de 2003. Concretamente a mañá do 20 de xaneiro de 2003 coincidimos en San Caetano para tomar posesión, el como conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, e eu como conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.



Sexa polo feito de acceder ao Goberno á vez nunhas circunstancias especialmente adversas; sexa por pertencer á mesma xeración; ou sexa porque os dous compartimos un mesmo xeito de entender a política, como unha opción de servizo público, de servizo ao ben común, o certo é que nos entendimos e creo non nos caímos mal. Polo menos esa foi a miña percepción, e espero presidente que non me deixes quedar mal.

E, precisamente por iso, como compañeiros de Goberno, foron moitas as ocasións nas que falamos e intercambiamos ideas e puntos de vista sobre diferentes cuestións. Que Núñez, o Feijóo, -como lle chamaba o Presidente Fraga según o momento- se ocupase dun asunto concreto (e isto creo que nunca llo dixen), era unha garantía e inspirábame moita confianza, a min e, penso que tamén, aos demais conselleiros que formabamos parte daquel Executivo.

Alberto Núñez Feijóo regresaba a Galicia precedido dunha imaxe de xestor serio, eficiente e eficaz. E corroborou con creces esa imaxe nos pouco máis de dous anos que restaban para o remate daquela VI Lexislatura.



Como dixo del, xa daquela, un alcalde, que en pouco máis dun ano viu como se facía realidade unha estrada pola que levaba tempo agardando: este Feijóo chegará lonxe porque é un político que cumpre as súas promesas. E un home de palabra, engado eu, que, ademais, vai sempre coa verdade por diante. Porque, non o dubiden, o seu sentido do deber e da responsabilidade non lle permitirían outra cousa.

Logo, nas autonómicas de 2005, os 37 deputados acadados nas urnas polo Partido Popular de Galicia non resultaron suficientes para gobernar. Pero sí para continuar traballando.

Daquela, Alberto Núñez Feijóo converteuse en presidente do Partido Popular de Galicia logo dun exercicio de exemplar democracia interna e deixouse a pel articulando e explicando ao conxunto dos galegos unha alternativa de Goberno viable e crible, con rigor e con seriedade. Co rigor e coa seriedade que lle caracterizan.

Se na etapa anterior tivera ocasión de coñecer e tratar con frecuencia a Alberto Núñez Feijóo, como gobernante, foi durante eses catro anos de oposición nos que traballei máis ao seu carón, onde realmente descubrí a persoa que é.



Porque créanme, para ser un bo político é necesario ser previamente unha boa persoa. E Alberto o é.

E foi, tamén, durante eses anos, nos que tiveren ocasión de comprobar, directa e persoalmente, no día a día, a enorme capacidade de traballo, a súa seriedade e o interese que pon en todo o que fai.

Fose para unha intervención parlamentaria, para un debate público, para unha visita ou para unha reunión con calquera colectivo, fose o que fose, o entón líder da oposición preparaba todo con auténtico rigor e ilusión.

Algún dos seus colaboradores máis cercanos, que están aquí hoxe, non me deixarán mentir: nunca nada lle parecía suficiente.

Sopesaba os pros e contras das diferentes opcións ou propostas, documentábase a conciencia, estudaba os informes e consultaba aos voceiros de área ata os máis mínimos detalles. Unha das súas grandes virtudes, ao marxe da súa excelente preparación, é que se trata dunha persoa que sabe escoitar.



A ninguén lle sorprendían as chamadas, os SMS ou os correos electrónicos de Feijóo para consultar datos ou confrontar pareceres, a altas horas da noite ou ao longo das fins de semana. Porque, para el, o sentido da responsabilidade sempre estivo e está por riba de todo.

Os que estabamos alí sabíamos que con el poderíamos recuperar o Goberno da Xunta.

¿E qué contarlles da súa faceta como presidente da Xunta que xa non coñezan ou intúan?

Aínda que seguramente non debería dicilo, contarelles un feito que describe perfectamente a personalidade do conferenciante de hoxe. E agardo que esta confesión no lle cause ningún problema.

Refírome a que Alberto Núñez Feijóo mantén o mesmo número de teléfono de sempre, conserva os amigos de sempre e, á hora que sexa, estea con quen estea, devolve chamadas e mensaxes.

É o Alberto Núñez de sempre, pero con máis responsabilidade ca nunca. Que fai o que cree que ten que facer. Que coñece profundamente Galicia e consecuentemente toma as decisións



que cree mellores para a nosa terra. Por iso creo que Galicia está nas mellores mans.

Por último, quero de confesarlles o ingrato papel que me toca xogar as veces no Parlamento.

Non é fácil retirarlle a palabra a todo un presidente, e confésolles aquí que me produce un certo rubor.

Pero é a miña obriga, e el sábeo, e trata de ser disciplinado, aínda que non sempre o consegue.

Presidente, hoxe non só non che retirarei a palabra, senón que para min constitúe un pracer concedercha polo tempo que estimes oportuno.

Moitas Gracias.